

UNHA MESA REDONDA PARA CELEBRAR 25 ANOS DE LITERATURA

Xavier Alcalá: "demasiada xente se ve reflexada nas miñas obras"*Á homenaxe acudiron dous amigos ferroláns do escritor, o catedrático Bernardo Maiz e o decano de Filoloxía, Xosé María Dobarro*

A mesa redonda celebrouse no auditorio do centro cultural municipal

J. ANTON

Cristina R. Calvo • Ferrol

Os 25 anos de Xavier Alcalá adicados á literatura en lingua galega foron obxecto dunha homenaxe que tivo como ingredientes o asinamento de exemplares da súa obra na Feira do Libro e unha mesa redonda, que se celebrou o pasado mércores na capela do antigo Hospital de Caridade e que baixo o título de "Xavier Alcalá : 25 anos de traxectoria literaria" reuniu en torno á mesa ós amigos e compañeiros de xeración, tal e como eles se definiron, Bernardo Maiz, catedrático de Historia e Xosé María Dobarro, decano da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña. ambos ferroláns.

Vintecinco anos transcurridos desde a publicación do primeiro libro de Xavier Alcalá. "Seis personaxes e un fado" O libro, segundo explicou Bernardo Maiz está dividido en sete selos. Estes selos foron para o escritor o descubrimento de Galicia ; a practicidade, ó elaborar unha prosa doada de ler e compaxinala có tecnicismo das telecomunicacións ; o espírito fortemente decisivo ; a autobiografía que queda de manifesto en cada obra ; o cosmopolitismo, etc.

Recorrido polo postfranquismo

Bernardo Maiz fixo na súa intervención un percorrido pola época que lles tocou vivir ós presentes na mesa, os primeiros anos do postfranquismo, a invención dun idioma que non aprenderan na escola, e o ser a primeira xeración que opta por falar galego puidendo e sabendo falar outra cousa. Maiz valorou positivamente a dualidade

de Alcalá ó "conservar as tradicións e camiñar cara o futuro"

Pola súa parte, Dobarro lembrou o descubrimento da primeira obra de Alcalá "que aínda ten vixencia hoxe en día", así como a etapa do escritor amoldándose a escribir para participar en premios, tal e como había que facer para poder chegar a algo. O decano de Filoloxía manifestou que a obra de Alcalá non perdeu nunca a capacidade de divertir que é o máis importante nunha obra e sinalou que libros como "A Nosa Cinza", pola que sempre será recordado Alcalá, "segue divertindo e tendo interés aínda hoxe en día"

Autobiografismo

Xavier Alcalá reconeceu o autobiografismo das súas obras, así, segundo dixo, "parte do personaxe central do meu último libro son eu, proba diso é que cando ó protagonista lle pasa algo importante , non o deixa ver, coma mín" Alcalá falou dos seus comezos, unidos letrista de cancións no ano 66 e 67, composicións que fixo sen saber nada de música. Despois veu a poesía. ata que o levarie un libro a Ramón Piñeiro. Este lle dixo que imitaba moi ben ós poetas. Así que pasouse á narrativa.

Xavier Alcalá recordou que o seu primeiro libro foi froito das súas vivencias, unha época na que bastante xente en Galicia remataba o Bacharelato superior e tiña que marchar fóra de Galicia para estudar unha carreira. Madrid, comentou, concentra a maioría desas xentes. Nese primeiro libro que hoxe cumpre 25 anos hai "unha síntese do que estabamos a vivir en

Madrid, a inxenuidade racionalizada da saudade". Alcalá comentou que os estudantes racionalizaban o problema e expresábano, non fal co libro un produto para vender unha ideoloxía, simplemente vive e conta o vivido. Tamén destacou de esta a súa primeira obra, as ilustracións de Siro que compren un papel destacable.

Uso do galego

A utilización do galego na súa época non contaba con padrón literario , polo que, según contou, "a parición no 70 de Blanco Amor marca un fito para os que desexaban escribir. Despois de Blanco Amor aínda se fixeron moitas máis cousas".

Pero será "A Nosa Cinza" a novela que consagre ó escritor e que o faga coñecido por calquera escolar galego. O libro comezou a ser escrito no 72 en Lisboa pero, segundo Xavier Alcalá, quedou suspenso por medo á censura. A verdadeira obra no veu nunca a luz porque tuvo que mutilala. "se saíse tal e coma a escribín. hoxe non tería gracia, porque facía crítica social do meu entorno ferrolano". Así, quedou reducida ó entorno escolar. Con todo, produciu moitas complicacións ó escritor xa que, como el mesmo conta, "demasiada xente se quere ver retratada e non todos son os que cren ser".

O escritor, entre anécdotas e lembranzas, recordou que el era un escritor adicado a "mirar moito a realidade e construír o que se cadra non é realidade pero poidera selo. Isto conduce á liberdade para relatar e non hai ningunha novela miña que non sexa traslado da realidade" ■

Manuel Valcárcel firma hoxe exemplares da súa obra na Feira do Libro do Cantón

Os actos programados par a Feira do Libro no día de hoxe darán comezo ás seis da tarde co obradoiro de encuadernación e reciclaxe a cargo do maestro artesán Manuel Gómez Rodríguez. As sete do serán, o escritor galego Xesús Manuel Valcárcel asinará exemplares das súas obras na canteira de secretaría e, unha hora máis tarde, o Real Coro Toxos e Froles actuará no recinto da feira. no Cantón de Molíns

As oito e media do serán. terán continuidade os actos na galería Sargadelos, onde Xesús Manuel Valcárcel, presentado por Damián Villalón dará a coñecer a súa nova obra "Os ollos da sentinela", publicado pola editorial Galaxia. As nove e media da noite. tal e como ven sendo habitual cada un dos días da Feira, se procederá ó sorteo dun lote de libros entre os asistentes á feira

Esta novena edición da Feira do Libro ferrolá clausurarase mañán, despois de seis días nos que se levaron a cabo actividades diversas como obradoiros, actuacións teatrais, mesas redondas e animación á lectura. ca sinatura de exemplares por parte da escritora Concha Blanco e o sorteo de libros ás nove e media.

El Ideal Gallego • Ferrol

HACE 75 ANOS

LAS SUBSISTENCIAS: Convocada por el alcalde se reunió en la Casa Consistorial la Junta local de subsistencias, para tomar determinaciones. Se redactó y aprobó una nueva tarifa para la venta del pan, que la Junta cree es equitativa. Hoy serán llamados los tahoneros para ponérselo de manifiesto y ver si están conformes con la misma.

Hasta ahora no se ha tomado determinación alguna respecto a los tableros, que se muestran intransigentes a rebajar los precios.

FIESTA A SAN ANTONIO: En la frondosa aldea de la Cabana, uno de los pasajes más bonitos de los afueras de la ciudad, se celebrará el próximo domingo una fiesta dedicada a San Antonio de Padua.

La misa solemne dará principio a las doce. Por la tarde, en el soto, será la fiesta profana.

HACE 50 ANOS

PETICION DE MANO: En Orense, por don Julio García de la Rocha y para su hijo don José Antonio, ha sido pedida a los señores de Iglesias (don Ramón), la mano de su hija Pilar.

FIESTAS CAMPESTRES: Mañana, viernes, darán comienzo en la Cabana las fiestas patronales en honor a San Antonio. Habrá misas por la mañana. El día 14, en el Pilar, se celebrará una gran verbena. El domingo, día 15, por la mañana, función solemne, y a la terminación procesión. Por la tarde dará comienzo la fiesta campestre, que será amenizada por una nutrida banda de música.

NOTICIAS DE MARINA: Se concede licencia para contraer matrimonio con la señorita María Antonia Benavente Cobe al alférez de navío don José Manuel García Lago.

HACE 25 ANOS

VISITAS AL ALCALDE: En la mañana de ayer el alcalde de la ciudad, don Rogelio Cenalmor Ramos, visitó las obras de asfaltado en la carretera de Fontá-Doniños.

Asimismo visitó las obras que se están realizando en el Baluarte de San Juan y en la Plaza del Marqués de Ambongo.

PETICION DE MANO: Por don Demetrio Casares Fontenla, farmacéutico de esta ciudad, y para su hijo Demetrio, ha sido pedida a doña Gloria Martínez, Vda de Canosa, la mano de su encantadora hija María de los Angeles.

CENTRO RURAL DE HIGIENE DE NEDA: El Ayuntamiento de Neda tiene acordado la celebración de subasta para contratar las obras de ampliación del edificio destinado a Centro rural de Higiene, a cuyo efecto se hallan de manifiesto en la Secretaría municipal los pliegos de condiciones y demás documentación.